

RETO DESCARGABLE

PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE

Queremos celebrar convosco a importancia das mulleres na Ciencia e a importancia de facer Ciencia no noso idioma. O galego.

A proposta é un xogo descargable no que o alumnado debe resolver unha serie de retos para descubrir a unha gran científica /tecnóloga inxustamente esquecida. Para iso, deben descifrar enigmas, superar probas criptográficas e utilizar todo o seu enxeño.

NECESIDADES TÉCNICAS

Para o desenvolvemento da actividade é necesario contar con computadores. Non é necesario dispoñer de conexión a Internet.

O alumnado debe dispoñer de: Papel, lapis, regra, tesoiras e un bolígrafo tipo bic (ou de diámetro similar).

PREPARACIÓN DA ACTIVIDADE

Previo á actividade, é necesario realizar as seguintes accións.

- Descargar nos computadores que se vaian utilizar os materiais de xogo etiquetados como Recursos alumnado: Vídeos + chatbot.
- Imprimir os materiais documentais e gardalos en dous sobres. Cada material leva indicado nunha esquina se corresponde ao sobre A ou B. Debemos preparar tantos sobres como equipos de alumnado organicemos para o reto.

O mapa é importante imprimilo coa opción “axustar” na impresora para que as medidas non se vexan modificadas.

Sobre A. Contén:

- Mapa
- Fichas científicas e tecnólogas
- Ficha encriptación

Sobre B. Contén:

- Escítala
- Folla con Tangram
- Xornal
- Papel “Visiona o vídeo”

DINÁMICA DA ACTIVIDADE

Repartición sobre A. O profesor/a reparte aos equipos o sobre A. Non o poden abrir ata que finalice o vídeo de presentación

Visionado do vídeo. Ao comezo do xogo, a profesora ou profesor proxectará para toda a clase o vídeo de inicio. Nel explícase a finalidade da actividade e dálles unha primeira pista para iniciar o reto.

Pista 1. Deben medir distancias no mapa e determinar un valor numérico. Ese valor desbloquea o chatbot (Poppy)

O resultado é: $1 + 5 + 28 = 34$ (recordade redondear)

Chatbot. Libera datos sobre unha científica. Con eses datos, deben buscar nas fichas de científicas para descubrir a **Antonia Ferrín**.

No reverso da súa ficha, aparece o código dun vídeo. Deben buscalo e visionalo. O vídeo recolle breve biografía e no final dá unha pista de resolver a Ficha de Encriptación.

Mensaxe. Deben descodificar a mensaxe ca axuda do alfabeto da ficha.

Código a traducir é: **HCNC EQ RTQHGUQTCFQ**

Solucion: “ Fala co profesorado”

Cando pregunte ao profesor/a, se lles entrega o sobre B.

Ao abrir o sobre, unha folla di: O primeiro que debes facer é ver o vídeo **AXM5**

O vídeo presenta a **Africa González**. Ao final do vídeo, aparece unha explicación sobre a escítala e como utilízala

Escítala. O sobre B contén unha escítala (sistema criptográfico da antiga Grecia). Teñen que recortala e combinala cun bolígrafo para obter o código. O reverso da escítala indica que deben introducir o código no chatbot Poppy (sen acentos).

Escítala dálles unha palabra chave (cénit)

Chatbot. Introducen clave e dálles pistas sobre seguinte científica. É **Jocelyn Bell**.

Reverso da tarxeta código de vídeo (UB9P). Contén biografía e ao final explícase a seguinte proba. É de tangram. Teñen que recortar o tangram e montar a figura para obter unha frase

Resultado Tangran: En galego. No chatbot deben introducir galego

Chatbot. Dá pista de **Maria José Alonso**

En ficha identifican quen é e código vídeo KXT6. Vídeo ao final pista de ler o xornal.

Xornal. Teñen que resolver a sopa de letras e contar cantos “A” atopan. Teñen que introducir o número no chatbot (en número)

PALABRAS: Espazo, estrela, nova lúa, planeta.

Chatbot. Dálles pistas e en fichas localizan a **Poppy Northcutt**

A ficha manda ao vídeo final que mostra a biografía de Poppy Northcutt e indica que lle entreguen a/ao docente a lista de científicas identificadas.